

**Actividades programadas para o mes de abril de 2010:**

**I Club de Debate do Concello de Pontevedra**

**17 de abril, fase eliminatoria** no Pazo da Cultura. **24 de abril, debate final** no Café Moderno. Entrada libre. Organiza: Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra. Colaboran: ENDL dos IES de Pontevedra, Pazo da Cultura e Fundación Caixa Galicia. Máis información: SNL do Concello de Pontevedra, tel: 986863157 [normalizacionlinguistica@pontevedra.eu](mailto:normalizacionlinguistica@pontevedra.eu)

**Exposición Brais Pinto, o afiador revolucionario**

**A partir do 19 de abril** na sala de exposicións do Museo de Pontevedra. Exposición sobre o grupo Brais Pinto, formado por mozos traballadores e estudantes galegos, en Madrid entre 1958 e 1962. Organiza: Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra e Territorio Cultura. Colabora: Museo de Pontevedra. Máis información: SNL do Concello de Pontevedra, tel: 986863157 [normalizacionlinguistica@pontevedra.eu](mailto:normalizacionlinguistica@pontevedra.eu)

**Conferencia de Herminio Barreiro, membro do grupo Brais Pinto**

**19 de abril, ás 20.30h** na sala de conferencias do Museo de Pontevedra; dentro da inauguración da exposición sobre o grupo Brais Pinto. Organiza: Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra. Colabora: Museo de Pontevedra. Máis información: SNL do Concello de Pontevedra, tel: 986863157 [normalizacionlinguistica@pontevedra.eu](mailto:normalizacionlinguistica@pontevedra.eu)

**Bocaberta: obradoiro de hip hop con Aíd**

**13 de abril,** ás 16.00h no IES Luís Seoane, en Monte Porreiro. Obradoiro de creación de rimas, cancións e graffiti para rapaces e rapazas de ensino secundario. Organiza: SXPL Colaboran: Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra e o ENDL do IES Luís Seoane. Máis información: SNL do Concello de Pontevedra, tel: 986863157 [normalizacionlinguistica@pontevedra.eu](mailto:normalizacionlinguistica@pontevedra.eu)

**Cantalingua 2010. Certame de música**

Ata o **10 de abril** de 2010 está aberto o **prazo** para enviar as composicións. Os temas deberán ser orixinais e a temática das letras será completamente libre. Os tres primeiros grupos ou solistas clasificados no concurso participarán nos 11 concertos que se organizarán durante o Correlingua 2010. Organizan: AS-PG, CIG-Ensino, a Mesa pola Normalización Lingüística e os concellos de Lugo, Pontevedra, Santiago e Vigo, en colaboración co portal [komunikando.net](http://www.komunikando.net). As bases do concurso: <http://www.komunikando.net/komunikajoomla/content/view/2039/62/> Máis información: SNL do Concello de Pontevedra, tel: 986863157 [normalizacionlinguistica@concellopontevedra.es](mailto:normalizacionlinguistica@concellopontevedra.es)

**CONCELLO DE PONTEVEDRA**  
**Concellaría de Normalización Lingüística**

**Obradoiros para a mocidade na Illa das Esculturas: A Natureza é Arte na Illa**

Obradoiros para dinamizar o uso da lingua galega na mocidade a través de actividades arredor da arte e da natureza. Para mozos e mozas dos ENDL dos centros de ensino secundario.

Organiza: Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra. Colaboran: ENDL dos centros de ensino secundario. Información e inscricións: ENDL dos centros de ensino ou no Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, tel: 986863157, fax: 986851800 [normalizacionlinguistica@pontevedra.eu](mailto:normalizacionlinguistica@pontevedra.eu)

**Obradoiros na Illa das Esculturas: A Natureza é Arte na Illa**

Obradoiros para dinamizar o uso da lingua galega nas familias a través de actividades arredor da arte e da natureza. Dirixido a familias con nenos e nenas no ensino primario.

Organiza: Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra. Colaboran: ANPA dos centros de ensino primario. Información e inscricións: ANPA dos centros de ensino ou no Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, tel: 986863157, fax: 986851800 [normalizacionlinguistica@pontevedra.eu](mailto:normalizacionlinguistica@pontevedra.eu)

**Roteiro Castelao e Roteiro Sarmiento**

Visitas guiadas pola Pontevedra vencellada a Castelao e a Sarmiento, co obxecto de recuperar e difundir a memoria histórica da nosa cidade inserida no contorno xeral da historia de Galiza e da lingua galega.

Máis información e inscricións: Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, tel: 986863157, fax: 986851800 [normalizacionlinguistica@pontevedra.eu](mailto:normalizacionlinguistica@pontevedra.eu) Organiza: Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra.

Servizo de Normalización Lingüística